
Gerardo Pérez Barcala, *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Rufo*, A Coruña, Fundación Barrié, 2013, 712 páxinas.

Ler, interpretar, actualizar e situar na tradición un texto medieval son as tarefas que Gerardo Pérez Barcala se propón na súa edición de *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Rufo* que viu a luz no pasado ano 2013. Esta monografía, inserida dentro da colección ‘Biblioteca Filolóxica Galega | Instituto da Lingua Galega’ da Fundación Barrié, constitúe, tal e como se advirte no limiar e na introdución, unha revisión da súa tese de doutoramento, codirixida polas profesoras Mercedes Brea e Pilar Lorenzo Gradín da Universidade de Santiago de Compostela. Porén, cómpre salientar xa de partida que o xerme deste traballo ten aínda unha orixe anterior, pois Barcala xa presentou unha proposta de edición para o citado texto no volume póstuma de José Luis Pensado (2004: 365-414). Estamos, xa que logo, perante a edición definitiva deste autor dun texto singular e único no conxunto da prosa medieval galega que se veu denominando como *Tratado de Alveitaria*.

A revisión de textos prosísticos medievais xa editados é unha constante na historia da nosa textualidade medieval, ben por seren edicións feitas por persoas non filólogas ben por presentaren deficiencias nas lecturas dos manuscritos; porén, no caso da prosa esta semella estar a coller forza novamente nestes últimos anos, como demostra a presente edición da tradución galega do *Liber de medicina equorum* ou tamén, por exemplo, da *Historia Troiana* que Ricardo Pichel (2013) levou a cabo na súa tese de doutoramento dirixida polo profesor Xavier Varela e que esperamos que se materialice nun volume édito á dispoñibilidade de toda a comunidade científica. Por tanto, con esta nova edición Pérez Barcala preséntase como un dos continuadores desa longa tradición ecdótica medieval que abranxe desde Galiza e Portugal até Italia ou New York; máis concretamente, o investigador da USC sitúase como o terceiro editor do único testemuño escrito conservado, após Juan Domínguez Fontela, que foi publicando a obra en artigos publicados entre 1938 e 1940, e, como xa indicamos, José Luis Pensado.

A nos centramos propiamente en *A tradución galega do Liber de medicina equorum de Giordano Rufo*, Gerardo Pérez Barcala estrutura esta ampla monografía de máis de 700 páxinas en seis grandes apartados, acompañados dun limiar e dunha introdución que os preceden e dunha bibliografía final, facendo gala dun traballo moi completo, exhaustivo e, sen dúbida, moi rigoroso.

Así pois, principiamos a lectura do libro e nas primeiras páxinas (9-10) encontramos un “Limiar” que nos coloca nos antecedentes da presente monografía, xunto cos pertinentes agradecementos que cumpren a todas aquelas persoas que contribúen dalgunha maneira a perfilar o libro. A seguir, na “Introdución” (páxs. 11-25), o autor enuncia de modo claro e preciso os obxectivos que pretende levar a cabo, como son a fixación do texto definitivo do *Tratado de Alveitaria*, xunto coa reivindicación deste testemuño único en galego na tradición manuscrita das traducións da obra de Rufo para as linguas románicas.

No capítulo I, “A corte de Federico II: Jordanus Rufus, *De medicina equorum*. A tradución galega” (páxs. 27-88) Barcala sitúa o texto galego no contexto elaborado e traducional. Así, á morte de Federico II de Sicilia en 1250 Giordano Rufo escribiu un tratado de veterinaria dos cabalos que tivo unha ampla difusión en toda a Idade Media. Tras realizar unha breve aproximación á vida de Rufo, preséntanse as hipóteses principais sobre a lingua de redacción orixinal do texto, sendo o latín a máis plausíbel, e relaciónanse as múltiples linguas ás cales se foi traducindo até finalmente chegar á versión galega. Nesta subepígrafe tamén se describe magnificamente a copia manuscrita que se conserva (cos cadernos orixinais e os dous bifolios posteriores) que se conserva actualmente na Biblioteca Nacional de Madrid (ms. 23076) e que Pérez Barcala data no primeiro cuarto do século XV. Así mesmo, o editor considera que o texto non foi traducido por Rodrigo Eanes a partir da obra de Giordano Rufo, senón que o *Tratado de Alveitaria* constituiría unha copia dunha versión galega anterior, a cal proviría dun exemplar latino que bebe do orixinal *De medicina equorum*. Neste *stemma codicum* que o editor santiagués establece, tal e como se reconece, faltan os testemuños das diversas familias emparentadas, unha tarefa que non pode ser levada aínda a termo por causa de seren moitas as linguas traducidas e por non estaren editadas na súa maioría.

No “Capítulo 2. Criterios de edición” (páxs. 89-139), preséntase a estratexia editorial levada a cabo polo noso editor; así, fronte ás edicións paleográficas precedentes de Fontáns e Pensado, neste volume Gerardo Pérez opta por unha edición interpretativa, pois como ben salienta é a que se aconsella nos casos de obras que nos chegaron a través dun único exemplar (*codex unicus*), para a cal realiza unha regularización gráfica que sexa o máis fiel á realidade lingüística. Así mesmo, para interpretar con corrección as leccións do texto, recorre non só á obra de Rufo senón tamén ás traducións do texto latino para outras linguas romances, para alén do *Livro d’Alveitaria* portugués do Mestre Giraldo de 1318.

Alén disto, comenta os aspectos gráficos do manuscrito e sinala os problemas de edición, nomeadamente os relacionados cos desenvolvementos de linetas e outros sinais de abreviación que mostran a “variedade pictórica” (páx. 101) do

manuscrito. Fronte á rica descrición destes sinais e do seu significado, xulgamos preciso a introdución de puntuais reproducións do manuscrito, tal e como vén sendo a práctica habitual nos traballos de edición textual, sobre todo nos relativos ao tratamento das abreviaturas. Finaliza o capítulo cos criterios de regularización gráfica empregados e que veñen sendo os habituais na edición de textos medievais galegos como, por exemplo, a distribución de *i/j* e de *u/v* conforme o seu valor vocálico e consonántico, respectivamente; o desenvolvemento do til de nasalidade; o uso etimolóxico do *h*; a representación das palatais *ll* e *ñ* etc. Son estas, como podemos albiscar, mudanzas meramente gráficas que non alteran nin afectan a fonoloxía do texto.

No capítulo 3 preséntase a “Edición” (páxs. 141-205) do *Tratado de Albeitaria* en que se ofrece esta edición interpretativa do manuscrito acompañada de diversas notas de rodapé que están reservadas para indicar, entre outras, as mudanzas realizadas no manuscrito ou as súas solucións editoriais fronte ás dos editores precedentes. Porén, cremos que sería moi útil a incorporación de variantes como as reduplicacións antietimolóxicas (do tipo *avea < aveea*) que darían máis información lingüística aos diferentes investigadores e que farían que non se tivese que recorrer á paleografía existente nas edicións anteriores do texto. Alén disto, tamén facilitaría a lectura e interpretación do manuscrito o catálogo de anotacións que neste volume forman parte do cuarto e seguinte capítulo. Con todo, dada a grande extensión destas produtivas e acertadas anotacións a palabras ou excertos, é obvio que Pérez Barcala decidise incluílas nun capítulo á parte.

Consecuentemente, o seguinte e cuarto capítulo é o reservado para facer toda esa “Anotación” (páxs. 207-602) á edición textual. Estas notas e comentarios ao texto son de diversa tipoloxía, desde aclaracións de significados, etimoloxías e evolucións históricas, até comentarios sobre as leccións corrixidas e reflexións comparativas dos outros editores e dos outros textos emparentados. Neste sentido, as anotacións contrastivas cos outros testemuños da obra de Rufo achegan unha gran riqueza ao texto, para alén de permitir a Pérez Barcala salvar as lagoas da versión galega.

Outro dos capítulos interesantes e que cumpren na edición dun texto medieval é o “5. Glosario (páxs. 603-625)”. Nesta epígrafe Barcala límitase a confeccionar unha especie de listaxe das “voces que foron obxecto de explicación e por iso non se procedeu á súa lematización” (páx. 605), nas cales se ofrece a etimoloxía latina, a categoría gramatical e as ocorrencias do vocábulo na obra coa localización na liña do manuscrito. Porén, achamos en falta o significado léxico destas voces –e do conxunto total– que tornarían o glosario nun verdadeiro e exhaustivo repertorio lexical.

O “Capítulo 6. Apénde. Texto latino” (páxs. 627-675) cerra o estudo textual da obra e nel Barcala coloca á disposición do lector o *Liber de medicina equorum* latino segundo a edición de Girolamo Molin, en 1818. O feito de corresponder a versión galega coas liñas e parágrafos do texto latino permite ao lector ampliar a súa visión da tradución galega do *Tratado de Albeitaria* no conxunto da tradición manuscrita do códice, de modo que cremos que se trata de todo un acerto por parte do editor.

Ao final do volume, “Bibliografía” (páxs. 677-712), relaciónanse as referencias bibliográficas, sumamente exhaustivas e variadas, que o editor manexou ao longo do libro para apoiar os seus argumentos. Este apartado divídese en dúas partes: unha primeira, en que se recollen as “Abreviaturas bibliográficas” dos dicionarios e das obras literarias, e unha segunda parte, na cal se dispoñen todas as fontes bibliográficas, nas linguas orixinais como francés, portugués, e italiano, entre outras, que reafirman a súa excelente formación como doutor en Filoloxía Románica. Non obstante, na nosa opinión esta sección debería tratarse como un único bloque coa introdución das abreviaturas bibliográficas conforme a orde alfabética, pois acontece que os manuais que aparecen nas abreviaturas voltan a ser reiterados na sección seguinte.

Após este percurso recensional, e xa para concluír, non podemos máis que parabenizar a Gerardo Pérez Barcala por nos ofrecer unha nova versión do impar *Tratado de Alveitaria*, un contributo que sen dúbida nos vai permitir acceder a un texto editado e anotado con moito rigor, cientifismo e sumo coidado na lectura, para alén de contribuír a numerosos estudos lingüísticos desta obra ou a revisar algunhas leccións existentes nos repertorios lexicográficos medievais de que dispoñemos na actualidade.

Xoán López Viñas

Referencias bibliográficas

- Pensado, José Luis (2004): *Tratado de Albeitaria. Introducción, transcripción e glosario de...* (Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2013): *A Historia Troiana (BMP ms. 558). Edición e estudo histórico-filolóxico. 2 tomos.* (Santiago de Compostela: Universidade). Tese de doutoramento inédita.